

A gravitación rusa de Alemaña

Description

Camiña moi de vagar a recuperación de Alemaña. Os estragos do réxime totalitario, que despois de todo non durou máis que doce anos, de 1933 a 1945, metade deles na guerra que lle puxo remate, foron moitos e moi fondos. Nos anos inmediatamente seguintes á desfeita de 1945 foise impondo unha solución que ía forzosamente cara ao federalismo europeo, un proxecto que entón era tamén o do grande vencedor occidental da guerra, Estados Unidos de América. Unha parte da Alemaña de antes da guerra quedou na esfera da Unión Soviética. Esa situación durou tanto como a guerra fría. No terreo do pensamento e a creatividade, a Alemaña occidental, fruto da conxunción dos intereses trasatlánticos e a ideoloxía católico-renana de Adenauer e os seus demócratacristiáns, sufriu unha triste seca. A consolidación do proxecto federalista europeo levóu a un achairamento lamentabel das culturas dos países desa Europa. No caso alemán a conciencia de culpabilidade contribuíu a esa esterilidade, abultada polo contraste coa espléndida presenza xermana no pensamento e as artes antes da traxedia hitleriana. Por motivos dunha dinámica política diferente, non foi moi ricaz a creatividade na Alemaña do Leste, pero ese achairamento europeísta non a afectou.

Coa unificación alemana perdeu forza o tabú ruso nas relacións diplomáticas da Alemaña unida. Alemaña, hoxe un xigante anémico, vai comezando a sentirse incómoda na Unión Europea ampliada. Non pode deixar que o ancoramento na Unión, da que se dí que é motor económico, peche outras posibilidades políticas de moita tradición e, seguramente, moito futuro. Voltan a sentirse imperativos xeopolíticos que potencian a Mitteleuropa. E á anemia espiritual poderían virlle ben inxeccións dun pensamento eslavo turbulento pero vital.

Falar de proxectos alemáns orientados cara o Leste arpa as sensibilidades dos alemáns demócratas con memorias da invasión de Polonia, o racismo antieslavo e os excesos das tropas rusas en Berlín ao final da guerra iniciada por aquela invasión. Escomasí, vese nada menos que ao que foi chanceler alemán, Gerhard Schröder, presidindo desde 2005 o consorcio ruso-alemán de xigantes enerxéticos para construír o gasoduto baixo o Mar Báltico que levaría gas natural directamente a Europa central, marxinando a Ucraína e Polonia.

Seguramente o asunto económico ruso-alemán que máis vai a influir nas eleccións xerais alemáns de dentro de menos de un mes é a venda da gran manufactura de automoveis Opel. Opel pertence a General Motors e a falencia dese xigante estadounidense, rescatado polo sector público, levou a que fose posta á venda. O goberno de Merkel apoiou na puxa a un consorcio austro-canadiano, Magna, sustentado financeiramente polo Sberbank, banco estatal ruso. O goberno federal de Alemaña e os dos catro *länder* en que hai instalacións da Opel aportarían 4.500 millón de euros como garantía de préstamos. As fábricas non pecharían, pero os despedidos serían menores que en calquera das outras ofertas. Daí o interese electoral para Merkel.

A General Motors decidiu non aceptar polo de agora ese oferta. Unha certa recuperación financeira lle permitiría talvez manter a propiedade de Opel e procurar financiamentos que esixirían peches e despedidos moito maiores. O presidente Obama afirmou que non faría presión sobre GM, aínda que o goberno estadounidense ten a maioría das accións da empresa.

Un forte motivo do rexeitamento norteamericano é o temor a perder a planta de Rüsselsheim, avanzadísima en investigación e tecnoloxía de vehículos de propulsión eléctrica. E tamen o medo a que a Magna aumente a participación no mercado do Canadá, e que, por outra banda, OAO GAZ do oligarca Oleg Deripaska, e asociada con Sberbank, aproveite o contrato para modernizar a industria rusa do automóvil cós recursos tecnolóxicos da Opel.

En todas esas evolucións, vanse perfilando trazas do que podería significar a cooperación ruso-xermana. E non sería descabido pensar que a anemia do xigante tal vez cure se actúa máis despegado de Bruxelas.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Setembro 3, 2009

Meta Fields

Autoria : 10041

Datapublicacion : 2009-09-03 00:00:00